

## Marica Campo

Vaia para todas e todos a miña benvida, xa que teño a honra de que me encomendasen o cometido de vos acoller coa palabra. Aquí, onde soaron e resoaron voces fundamentais da nosa historia, a miña havos semellar ben cativa.

Porén, farase forte cando, no eco lonxincuo, se mesture coa voz de Castelao, aquela que, en plena ditadura de Primo de Rivera, o 19 de xullo de 1924, iniciou, xunto con outros membros das Irmandades da Fala, a subida a este Pico Sacro. “O cumio máis fermoso e simbólico da Galiza”, no dicir de Otero Pedraio.

Non se trataba dunha excursión nin dunha fazaña deportiva. Sabían ben que todos os montes son sagrados mesmo antes dos deuses. Coñecían os mitos asociados a este cume e entendían que a lenda da raíña Lupa, recollida no *Códice Calixtino*, aínda con todos os seus elementos fantásticos, o que simboliza é a historia, ou mesmo a prehistoria, da nosa nación. É o relato –para dicilo cunha expresión da que se adoita abusar, mais neste caso pertinente- é o relato, digo, que tenta evidenciar a presenza humanizadora dos nosos devanceiros neste territorio, a nosa existencia a afondar nas raíces do tempo.

Lupa, que é loba, non carneiro ou ovella mansa, a marcar o cumio do noso sermos galegos e galegas. Non os límites, que eses xa pretenden marcárnolos outros.

As montañas, en todas as culturas, están ligadas ás diversas teofanías, é dicir, manifestacións do sagrado. Coido que non son irreverente se digo que aquí, desde esta altura, contemplando as terras que suca o río Ulla, contemplando a riqueza da bisbarra, vendo o esplendor de Compostela, temos a perfecta metonimia de Galiza a nos

mostrar o que somos, de onde vimos e o que podemos ser, o noso tamén sacro destino. Unha galizafanía, se se me permite a expresión.

Por iso nos convocan aquí as asociacións culturais O Galo de Santiago e Vagalumes da Estrada. Xunto con elas, todas as incluídas na Federación Galiza Cultura, pretenden reavivar aquel espírito de outrora para reivindicar que temos que recuperar os nosos dereitos, seguir construíndo a historia, ascender á posesión dos atributos propios da nación que somos.

Roland Barthes conta que Maupassant non gustaba da torre Eiffel e por iso almorzaba moitas veces no restaurante dela porque era o único sitio de París desde o que non a podía ver. O mesmo acontece coas montañas cando se chega ao cumio.

Porén, cando a montaña é un símbolo, o que importa é a ascensión, a tensión de avance. Así que, plaxiándome a min mesma, porque isto xa o teño escrito, convíдовos a subir ao Pico Sacro, símbolo o seu cumio dos sonhos do país. Coroalo e coroalos. Agarrando a bandeira, coma funambulistas na corda frouxa, para non perder o equilibrio, para entendermos desde a perspectiva histórica a conexión co futuro. Así todo será movemento, pensamento en marcha.

Cómpre, esta vez si, non se atar ao mastro para sermos arrastrados polos cantos da serea. Ten que que nos seducir aquela que, varada, como noutros escudos heráldicos, no escudo que Castelao deseñou, enarbora o lema da liberdade: “Denantes mortos que escravos”. A estrela de cinco puntas, metáfora visual do poder do pobo, o que máis ordena como proclama a canción; a fouce da estirpe campesiña, do traballo comunal, mais tamén da poda dos privilexios de caste e a españolización que nos condena a non ser.

Acompáñanos a música, a vella música que marcou o lecer da xente sinxela, a se mesturar coa do vento que abana a bandeira, os laios no roncón e os trinos no punteiro da gaita irreal que escoitou Celso Emilio.

Somos multitude que se ve, ou non se ve, aínda que vai, cadaquén ao seu paso, monte arriba. As pegadas nas pegadas dos que outrora

ascenderon polo mesmo vieiro e, a miúdo, ficaron no camiño, a xunguir o onte con este hoxe de incerteza e esperanza. Nada aconteceu en balde, todo foi trazar o mapa, fixar as coordenadas, iniciar a marcha; porén, é moito máis o traxecto que resta por facer para que a nación exista en plenitude.

En pé, xa que logo, irmás, irmáns galegos. Que nada nin ninguén nos coute o ascenso. Somos estirpe de liberdade. Temos un lugar na Alba de Gloria que Daniel soñou por e para nós. Somos nós. É tempo de chegarmos ao cumio.